

CONCESIÓN DE USO DO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL PARA INSTALACIÓN, MANTENIMENTO E EXPLOTACIÓN DE PUNTOS DE RECARGA DE VEHÍCULOS ELÉCTRICOS EN DIFERENTES EMPRAZAMENTOS DOS CONCELLOS DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS

PROVIDENCIA DE INICIO.-

No ámbito das enerxías renovables relativas á automoción, resulta axeitado contar con puntos de recarga de vehículos eléctricos; sendo numerosas as Administracións Públicas que están levando a cabo adxudicacións, mediante contratos de arrendamento ou concesión, de puntos de recarga de vehículos eléctricos.

Concedida á Mancomunidad do Salnés unha subvención, con cargo ao “Plan Nacional de sostenibilidade turística en destinos Xacobeos”. Subproxecto: “Posta en valor da orixe de tódolos camiños Xacobeos. Actuación 6: “Instalación de puntos de recarga de vehículos eléctricos no entorno de sendas e puntos turísticos”.

A través de dita actuación, finánciase a redacción do proxecto para despliegue da rede comarcal de puntos de recarga nos distintos Concellos da Mancomunidad, por resultar máis eficiente a implantación de ditos puntos a nivel comarcal.

Mantidas reunións con representantes dos Concellos, ao obxecto de sinalar os espazos idóneos para a implantación de puntos de recarga de vehículos eléctricos; procedeuse a elaborar a documentación técnica das distintas prazas, que afectan a zonas de dominio público dos Concellos.

Resultando ser unha competencia propia dos Concellos, as autorizacións ou concesións do uso privativo do dominio público; levouse a cabo a tramitación dos correspondentes expedientes de mutación demanial por parte dos nove Concellos a favor da Mancomunidad, como paso previo para que ésta proceda a tramitar, mediante licitación pública, o expediente para a concesión da instalación, mantemento e explotación dos puntos de recarga de vehículos eléctricos nos Concellos interesados.

Recibidos os certificados dos acordos plenarios dos nove Concellos, de aprobación da mutación demanial dos espazos públicos a favor da Mancomunidad e demáis documentación técnica.

A Xunta da Mancomunidad, en sesión de 14-06-2024, adoptou o acordo de aceptación da mutación demanial, a favor da Mancomunidad do Salnés, dos diferentes espazos públicos sinalados polos Concellos, nos términos dos respectivos acordos, para instalación de puntos de recarga de vehículos eléctricos.

Procedeuse á sintaura cos nove Concellos, das correspondentes actas de entrega e recepción dos espazos do dominio público previstos para instalación dos puntos de recarga.

Sendo preciso tramitar o procedemento para proceder á concesión administrativa de uso privativo dos espazos de dominio público, mediante réxime de concorrencia.

Esta Presidencia DISPÓN:

1º.- O inicio do expediente para a concesión do uso dos espazos de dominio público





municipal cedidos á Mancomunidad do Salnés, para instalación, mantemento e explotación de puntos de recarga de vehículos eléctricos en diferentes emprazamentos dos Concellos da Mancomunidad do Salnés.

2º.- A emisión de informe xurídico por parte da secretaria-interventora da Mancomunidad.

En Cambados á data da sinatura electrónica.

O PRESIDENTE
David J. Castro Mougán

